

MOAÑA

BÚLA

N. 5
~~N. 5 Ga 200~~
Public DL 1030


Febreiro, 1982

REVISTA INFORMATIVA DE

ESQUERDA
GALEGA



6 Pesos



Hoxe volve a saír á luz unha nova revista informativa de Esquerda Galega (antes Unidade Galega) de Moaña para cumprir un compromiso con tódolos veciños.

Un compromiso que non é outro que o de expoñer os nosos puntos de vista, o de informar con claridade da xestión dos nosos concellales na Corporación e o de dicir qué é Esquerda Galega a través destas páxinas.

Agardamos que teña unha boa acollida entre os nosos afiliados e simpatizantes e pedimos a colaboración de todos para poder levar adiante este proxecto. Colaboración que pode ser de moi diversas maneiras: escribindo algún artigo, espallando a revista ou apoiándoa simplemente.

EDITORIAL

Esquerda Galega, unha organización nacionalista polo socialismo, nace como resultado da confluencia de partidos, colectivos e persoas que traballan, dende hai moitos anos, na clandestinidade da ditadura e na liberdade democrática, por causa dos traballadores, das mulleres e dos homes da nación galega.

Esquerda Galega pretende ser o resultado da confluencia de múltiples esforzos e traballos, sociais e culturais, sectoriais e territoriais, autónomos, coordinados ou dirixidos por unha concepción política común; propónse conquistar o poder para cambiar a vida e transformar ese mesmo poder; pretende unir o global, o político, co traballo profesional, coa mellora das condicións de vida inmediatas da xente coa vida cotiá.


Os fundadores de Esquerda Galega defenderemos sempre que a nosa organización non se convirta nun fin en sí mesma, queremos que Esquerda Galega sexa unha suma de esforzos converxentes arredor dun proxecto estratéxico común. Como organización da esquerda nacionalista estaremos sempre dispostos a novas confluencias. E desde aquí convidamos ao pobo, aos elementos máis activos do pobo, a sumarse ao noso esforzo.

A inmensa maioría dos galegos temos cen mil razóns para querer unha Galicia distinta, para propiciar e participar nun amplo movemento de transformación social, económica, política e cultural. A inmensa maioría dos galegos temos cen mil razóns, cen mil experiencias, para saber o que poden dar de sí a dereita e mailas forzas centralistas. Xa é realmente escandaloso que o primeiro Parlamento Galego, que o futuro autonómico do noso País, esteña nas mans da dereita e do centralismo.

Esquerda Galega vai ser consecuente na loita, vai ser un instrumento de negación e oposición radical a todo o que signifique prolongamento da dependencia, da inxustiza social, da represión cultural.

Mais Esquerda Galega é tamén un proxecto de goberno, un instrumento de construción, un amplo movemento de afirmación, un equipo de homes e mulleres fundamentalmente enraizados no tecido social de Galicia, co talante aberto de quen se quere herdeiro de todos os homes e mulleres que sostiveron ao longo da historia o facho da liberación de Galicia e da emancipación dos traballadores, co optimismo histórico dos que saben que non hai doma nen castración que resista á vontade dun pobo.

Hoxe hai alternativa. ESQUERDA GALEGA E A DEFENSA CONSCIENTE DE GALICIA.



A POLITICA MUNICIPAL

¡Basta xa!, dí Esquerda Galega.

Decimos: ¡Basta xa!, e referímonos a temas municipais que a Corporación non resolve. Referímonos a temas de infraccións urbanísticas, á situación de determinadas obras que se fixeron no Municipio sen que siquera a Corporación, Comisións correspondentes ou Técnico Municipal se deran conta.

Decimos: ¡Basta xa!, e queremos suliñar, unha vez máis, a falta de autoridade do Sr. Alcalde en diversas ocasións nas que a súa persoa foi insultada así como a propia Corporación.

Esquerda Galega (antes Unidade Galega), como organización política quere recordar que os nosos concellales son os responsables das comisións de FACENDA, PATRIMONIO, P E R S O A L e SERVICIOS. Que o Bloque preside as comisións de Cultura e a de Urbanismo e que a UCD debía presidir a Comisión de Sanidade, pero o certo é que esta Comisión xa non existe.


Estas son as cousas, e ao remate da xestión municipal a cada quen haberá que pedirle contas e responsabilidades polo seu traballo.

¿Cáles son as nosas responsabilidades?.

COMISION DE FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL

Presidida por Manuel Méndez durante os dous primeiros anos e agora por Uxío Nogueira Cancelas. Traballan estes dous concellales na comisión que ten as seguintes competencias:

Economía municipal, Ingresos e Gastos, Presupostos, Patrimonio ou Propiedades do Axuntamento, Edifícios ou Terreos municipais, Persoal do Axuntamento, etc.



COMISION DE SERVICIOS

Presidida por Luis Gayo hasta finais do 81 e agora por Pedro Riobó. Traballan ámbolos dous nesta comisión desde o pasado vran do 81. Ten as seguintes competencias:

A l u m b r a d o s, Alcantarillados, Arreglos de Camiños, Traída de Augas, etc.

Ademáis destas responsabilidades directas colaboramos nas demais comisións: así na Comisión de Urbanismo traballan Lino Castilla e Pedro Riobó. Estiveron sempre reuníndose coa comisión, elaborando informes, etc., aínda que Lino Castilla, por problemas laborales, acudiu moi pouco ao Axuntamento nos últimos meses. Na Comisión de Cultura estivo sempre Méndez colaborando e hai que reconocer que a nosa política estivo sempre enfocada, fundamentalmente, á mellora das instalacións escolares de tódolos colexios; sen esquecer que agora hai que facer un derradeiro esforzo por construír unha CASA DA CULTURA da que se fala noutra páxina.

Os responsables das comisións de URBANISMO E CULTURA foron e son as seguintes persoas: (todos do Bloque)

CULTURA.—Uxío Chapela, Estanislao Durán e agora Xavier Abalo.

URBANISMO. — Estanislao Durán e agora Uxío Chapela.

DELEGADO DE DEPORTES. — (?) Paco Martínez.

Mais como o tema é moi longo xa faremos unha análise da súa actuación no próximo número.

Antes foron tenientes de Alcalde os Sres. Luis Gayo e Manuel Méndez; e neste momento son Uxío Nogueira e Pedro Riobó. Os nosos concellales non teñen problemas de protagonismo porque se sinten apoiados pola Organización, por nós. Foron ao Axuntamento a traballar cun programa concreto. Eiquí non hai número 1 nin número 5. Así é como entendemos nós o traballo en equipo, en grupo.

AS ELECCIONS AUTONOMICAS AO PARLAMENTO GALEGO

ANALISE DOS DATOS ELECTORALES

1.—As grandes tendencias políticas.

A efectos de análise dividimos en tres sectores ao electorado galego: Dereita, esquerda estatal, forzas progresistas e de esquerda nacionalistas.

—Dereita: UCD, AP.

—Esquerda Estatal: PSOE, PCG.

—Forzas progresistas ou de esquerda nacionalista: PG, BN-PG, PSG, EG, ou as súas coalicións electorais.

A evolución dos tres grandes sectores mostran os seguintes resultados:

	XERAIS 77	XERAIS 79	AUTONOMICAS 81	COMPOSICION PARLAMENTO GALLEGO	
				Escaños	%
DEREITA	754.941	664.041	577.828	57	70,4
ESQUERDA ESTATAL	212.272	227.911	223.788	22	23,9
FORZAS NACIONALISTAS	50.286	122.138	122.191	13	5,6

A vista destes datos pódense avanzar as conclusións seguintes:

a) A dereita perde sistemáticamente votos e peso electoral relativo en cada elección: Arredor de 90.000 votos de elección en elección.

A causa hai que atribuíla fundamentalmente á abstención crecente, soportada en forma case exclusiva pola dereita a pesar das costosas campañas de motivación (nas Autonómicas do 81 hai que destacar a presión propagandística da CEG-CEOE en contra da abstención, que non conseguiu frenar a abstención crecente).

b. A esquerda española está estancada en número de votos aínda que experimenta un incremento de peso electoral relativo debido á abstención crecente nas áreas da dereita electoral.

c) O moderado incremento no apoio electoral ás forzas nacionalistas, aínda que entre 1977 e 1979 o incremento de votos nacionalistas fora moi significativo.

d) O conxunto das forzas progresistas consideradas atinxen en Galicia un peso electoral do 35% que ascendería ao 40% se se contabilizaran a totalidade dos partidos que se presentaron ás eleccións.

e) O sistema electoral (asignación provincial de escaños, regra d'Hondt) permite que o 57% do electorado conservador esteña representado polo 70% dos escaños parlamentarios, sustraéndolle ás forzas nacionalistas 5 ou 7 deputados máis que lle corresponderían por unha distribución estrictamente proporcional.

2.—O peso do voto urbano actual.

Cos datos das últimas eleccións ao Parlamento autonómico podemos elaborar o seguinte cadro:

(Nas sete cidades principais de Galicia, é decir. A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, O Ferrol, Pontevedra e Vigo).

Dereita 167.300 votos.
 Esquerda Estatal 100.747 "
 Forzas Nacionalistas 57.953 "

Para a interpretación destes datos hai que ter en conta que as 7 cidades concentran a un tercio da poboación total así como o voto máis informado e politicamente activo.

Conserve-se:

a) O voto da dereita é un voto rural e semirural, obtien 7 de cada 10 votos fora das cidades; o voto das forzas progresistas é un voto marcadamente urbano.

b) Nas 7 cidades galegas o voto distribúese aproximadamente ao 50% entre a dereita e as forzas progresistas.

3.—As forzas políticas.

a) A caída conxunta da dereita coincide cunha redistribución do seu espacio electoral a favor de AP e en detrimento da UCD, proceso especialmente marcado nas cidades.

b) O PSOE experimenta un ascenso moi lento (10.500 votos nun conxunto duns 190.000). A evolución do apoio electoral do PSOE parece indicar que este partido alcanzou o teito que lle permite a simple proxección da súa imaxe de partido maioritario estatal e os medios de que dispón.

(Pasa á páx. seguinte)

A NECESIDADE DUNHA AULA DE CULTURA MUNICIPAL

Resultaría tristeiro que despois de catro anos de mandato desta Corporación democrática non se deixara construída unha Casa da Cultura Municipal, aínda que fora pequena, nun céntrico lugar do municipio.

Resultaría penoso que despois deste tempo se nos defraudara a todos os que estivemos dende fai anos tratando de erguer a nosa cultura. Agora, que existe unha correlación de forzas favorábel, temos que dicir que somente nos queda a esperanza.

Non é unha solución, como xa dixemos todos, que se teñan alugados dous baixos por 35.000 pts. ao mes pra que se reunan as «Asociacións Culturais», se fagan algúns ensaios de baile e pouco máis. Non é unha solución que a Masa Coral Moañesa e a Banda de Música teñan que seguir ensaiando nos baixos raquíuticos do Axuntamento. Non é solución alquilar os cines para facer conferencias ou actuacións teatrales que aínda son minoritarias, por desgracia.

Do que se trata, pois, é de FACER unha casa de planta baixa, de pedra, unha casa galega na que haxa: a) un local amplo pra sala de conferencias e espectáculos con capacidade pra duascenas persoas cómodamente sentadas, local que serviría pra ensaios de grupos de baile, Coral e Banda de Música; b) Sala de Exposicións para mostrar pintura, escultura ou fotografía; c) Sala de reunións pras Asociacións Culturais, ou de Veciños; d) Local pra o Grupo Arqueolóxico; e) Servicios hixiénicos e pouco máis.

Nós preguntámonos se non é posíbel facer realidade esta idea aínda que sexa con créditos que se amortizarían simplemente cos alquileres que se están pagando agora mesmo. Nós preguntámonos quen non ten interese en facer deste proxecto unha realidade pra que todos teñamos un pouco máis de cultura que boa falla nos fai.

AS ELECCIONS AUTONOMICAS AO PARLAMENTO GALEGO

(Ven da páx. anterior)

c) O PCG cun apoio electoral de 29.000 votos, despois de ter alcanzado cerca de 44.000 en 1979 parece ter unha crise provocada por falta de perspectivas de avance electoral, as contradicións internas que sofre o PCE e a carencia dun proxecto nacional galego do PCG.

d) A situación actual do nacionalismo conduce a unha polarización na esquerda (probábel crise do PG), con mellores perspectivas para EG que para o BN-PG-PSG:

—BNPG-PSG ten 3 deputados contra 1 de EG pero:

1.—Esta Coalición agrupa a tres forzas, sendo, por outra parte, o PSG un forte factor de desequilibrio na coalición.

2.—Non chegaron a conseguir o dobre número de votos que EG (62.000 contra 33.500).

EG está empatada a votos co BNPG-PSG nas sete cidades, con 20.000 votos en ambos casos. Isto mostra:

1.—O carácter urbano da base de EG, que se reafirma co dato de que EG superou en votación ao BNPG-PSG na provincia de Pontevedra, e no primeiro núcleo industrial de Galiza, Vigo.

2.—As posibilidades de expansión de EG en canto incrementa a súa inserción social e territorial.

—O BNPG está estancado desde 1979; de feito sacou menos votos agora en coalición co PSG, que entón só (1.637 votos menos).

—EG, que celebrou a súa Asamblea Constituinte en Decembro do 80 e o seu Primeiro Congreso en Maio do 81, afirmase nas primeiras eleccións de outubro 81 como unha forza en ascenso, homoxénea e con audiencias nos medios urbanos e na clase traballadora.

APARTADO LABORAL

A COTIZACION A SEGURIDADE SOCIAL

O traveso deste Apartado Laboral, Esquerda Galega pretende contribuir e aportar a todos lectores, unha serie de coñecimentos sobre os dereitos que teñen os traballadores e que moitos empresarios, non están cumprindo.

Polo tanto é necesario pra que unha sociedade funcione, que cada ún sepa os seus dereitos e obrigacións.

Consideramos que toda organización, debe contribuir a formación desa nova sociedade de galegos, orgullosos de selo, e eso solo se conseguirá, cando cada un de nós estéa totalmente capacitado pra distinguir, analizar e criticar as distintas opcións que se dan nuha sociedade como esta que nos toca vivir e que todos estamos axudando a crear.

Despois desta introdución, pasemos a analizar, neste primeiro número, o que representa, e que importancia ten a cotización á SEGURIDADE SOCIAL, na nómina de un traballador.

Através da Seguridade Social o Estado Español garante a todos os traballadores, tanto por conta propia ou allea e aos seus familiares unha protección en caso de: enfermidade, invalidez, xubilación, etc.

Pra facerlle frente a estas situacións, é preciso dispor de uns fondos elevados que se obteñen principalmente das aportacións dos traballadores e empresarios, aportando o Estado unha mínima parte.

Salvo algúns conceptos remunerativos, tales como dietas, produtos en especies e outros similares; os demais: xornales, primas, antigüedad, horas extras, etc. forman parte da **Base de Cotización**.

E moi importante que os traballadores obliguen ás em-

presas a que coticen por tódolos conceptos, pois de ahí vai depender o que cobren, no momento de producirse unha baixa, xubilación ou invalidez.

Porcentaxes de Cotización.—A cotización faise por doce mensualidades e pode decirse que é aproximadamente a seguinte:

	<u>EMPRESA</u>	<u>TRABALLADOR</u>
O I. N. P.	17,11%	5,01%
A Mutualidade	9,50%	1,68%
O Desemprego	2,35%	0,35%
A F. Profesional	0,67%	0,13%

Estes porcentaxes varían cada ano e na actualidade a cotización ó desemprego xa é moito maior e irase incrementando a medida que aumente o paro.

Polo anteriormente espuesto, despréndese fácilmente que os cartos do Estado salen de todos os cidadanos e principalmente dos traballadores, pois ánque as empresas coticen máis, esta cotización xa eles contan con ela, e sácanlla ó traballador, mediante o aumento da produción.

Vamos a comentar agora o que se cobra, ó producirse distintas situacións, na vida de un traballador.

Baixa por enfermidade.—O traballador por baixa de enfermidade, percibirá durante o tempo que exista ésta, ó 65% da base de cotización, durante os 30 primeiros días e ó rebasar éstos o 75%.

No próximo número continuaremos coa: Xubilación, Invalidez permanente e absoluta, etc.

As comunicacións en Moaña cada vez peores

A PONTE DE RANDE UNHA ALTERNATIVA O TRANSPORTE DO TRAFICO DE RIA?



Cando falamos dos medios de comunicación de Moaña, forzosamente temos que referirnos a relación directa que o noso Municipio, ten con Vigo.

Hoxe é coñecido de todos, que a poboación traballadora,

é unha parte importante do mundo laboral de Vigo, con todo o que isto significa.

A finais de Xulio do ano 1979, salta o primeiro conflito serio co transporte de Ría. Naquelas datas os usuarios, néganse a pagar a suba das tarifas e os empresarios amarran os barcos. Membros da nosa organización, e outros grupos coa axuda de centos de usuarios, consiguen que o 7 de Agosto daquel ano, unha representación de usuarios, empresarios e Administración, firmen uns acordos en Madrid, diante do Director General de Transportes Marítimos, que dan pé á elaboración da Ordenanza de Tráfico de Ría.

A Ordenanza, consta de 53 artigos, e regula o servizo a competencia, os horarios, prezos do billete e a seguridade dos pasaxeiros. Foi aprobado polo Pleno da Corporación do Axuntamento de Moaña e hoxe reposa na Xunta

(Pasa á páx. seguinte)

A NEGOCIACION DUN CONVENIO COLECTIVO

Por primeira vez na historia o persoal contratado do Axuntamento de Moaña solicitou da Corporación que se fixera un Convenio Colectivo que afectaría ao mellor funcionamento dos servizos municipais, por un lado, e, por outro a mellorar as súas condicións de traballo.

Despóis de algunhas reunións, este persoal (máis de 30 persoas), presentou un Anteproxecto de Convenio Colectivo á Corporación a través da súa Delegada de Persoal María do Carme Rivas; traballadora coa que mantivemos a seguinte entrevista:

- 1.—¿Cal foi a vosa situación laboral deica hoxe?.
- 2.—¿Cales foron as melloras que vos ofreceu esta Corporación Municipal?.
- 3.—¿Que reclamades neste convenio?.

1.—A nosa situación laboral era terceiromundista. Conste que eu vou falar exclusivamente do persoal de limpeza dos Colexios que somos vinte traballadoras.

Non tiñamos Seguridade Social nin siquiera contrato de traballo. Tiñamos un xornal que se cobraba cada dous ou tres meses e que, ao principio, nos pagaban os directores dos Colexios con cartos do Axuntamento.

Despois empezamos a despertar e a facernos algunhas preguntas como estas: ¿Por qué nonos paga o Axuntamento? ¿Onde está o noso contrato? ¿Por qué non estamos aseguradas?.

Fixemos algún paro por falta de pago e entonces amenazáronnos con botarnos «á calle». Traballábamos a «destajo», sin horario; e eu conozo algún caso de persoas que tiveron que abandonar por non ter uns brazos fortes.

Cando xa levábamos case sete anos de traballo ininterrumpido, sin contratos, sin pagas extras, sin que se nos pagaran as vacacións, etc. fomos a un abogado e así foi como conocemos a Randulfe. El explicounos o qué tiñamos que facer, díxonos que tiñamos razón e que non habería problemas pra que se nos reconeceran os nosos dereitos. Tiñamos xa as cousas na Maxistratura de Traballo cando decidimos agardar a que se celebraran as eleccións municipais no ano 1979 porque faltaba pouco.

2.—Esta Corporación fíxonos os contratos de traballo, incluíunos na Seguridade Social, reconoceunos a antigüidade (en canto ao salario) e incrementounos os salarios que agora están un pouco máis dacordo cos tempos que estamos.

3.—Neste Convenio pedimos unhas cantas melloiras, como roupas de traballo, licencias retribuídas, dereitos sindicais, un salario máis axeitado, etc., etc.

As comunicacións en Moaña cada vez peores

(Ven da páx. anterior)

de Galicia. Tamén sabemos que a única compañía, que temos nestes momentos en funcionamento La Comercial Marítima, non reúne as mínimas condicións pra prestar o servizo; os barcos de que dispón teñen máis de vinte anos e os fins de semana, non prestan nin os mínimos servizos.

Diante de esta situación, é imprescindible que todo o pobo de Moaña presione á Xunta de Galicia pra que dunha vez por todas, poñan en vigor a Ordenanza de Ría. Sabemos que vai a ser difícil, xa que o grupo que ten hoxe o poder en Galicia é Alianza Popular e vai defender aos empresarios, xa que foron estes os que lle deron os cartos pra campaña electoral.

Outra alternativa, que nós consideramos complementaria do Tráfico de Ría, e non supletoria, é o transporte por terra, que utilizando a Ponte de Rande, sea un medio eficaz, moderno i económico de enlazar con Vigo, mediante un sistema de horarios e paradas nas distintas parroquias.

Co apoio do pobo, Esquerda Galega, intentará por todos os medios normalizar as comunicacións con Vigo, no presente ano 1982 pra poñer fin aos constantes abusos que determinadas compañías, veñen demostrando nos últimos tempos.



Consideramos, que ao cambiar as relacións tradicionais das comunicacións é un paso adiante pra conquistar mellores condicións de vida de todo un pobo, condicións que temos a obrigación de conquistalas todos nós, desde posturas serias e responsables.

VOLVEN AS INFRACCIONS URBANISTICAS


Iban indo ben as cousas deica hai uns poucos meses, case hai un ano. Cando, de súpeto, nos atopamos cunha chea de obras ilegales por exceso de alturas, por non gardar os retranqueos correspondentes dos ríos, da vía pública, por facer obras sen licenzia municipal.

Iban indo as cousas medianamente ben cando a actitude de tódolos grupos municipais (UCD - PSOE-BLOQUE - E. G.) tomaban tódolos acordos por unanimidade: sancionando, acordando derribos, etc.

Pero chegou a hora de executar, de actuar, de facer cumprir os acordos e a cousa non tira pra diante.

Os concellales de Esquerda Galega denunciámos a non activación dos expedientes de infraccións urbanísticas, a pasividade do Sr. Alcalde e do Presidente da Comisión de Urbanismo (señores Abalo e Chapelá), ámbolos dous do «Bloque» e máximos responsables do tema urbanístico no Municipio.

Nós tivemos que de-



nunciar a actitude destes Sres. por non axilizar e executar os acordos de toda a corporación en temas tan graves como a non paralización de obras que afectan á vía pública, a non execución de derribos de galpóns e muros nas mesmas circunstancias, etc. Temos que informar á opinión pública, evidentemente, de que existe «pasividade» por parte do Sr. Alcalde cando non se quere aplicar a Lei a cousas tan simples como o adecentamento dos terreos ga-

ñados ao mar, o non cumprimento de ordenanzas sobre ocupación de aceiras ou da vía pública, que redundaría en ter Moaña máis limpo.

Por estas razóns estamos fartos de pedir que se actúe, tanto nós coma moitos veciños, que se cumpran os acordos. Por estas razóns facemos máximos responsables desta situación ao grupo que ten a alcaldía como decíamos antes; sen esquencer que tamén a UCD, últimamente, xa ten manifestado na Co-

misión Municipal Permanente que está claramente a favor dos infractores en alturas decindo que «pra eles» non é unha infracción ter licenzia pra dous pisos e levantar catro ou cinco.

Pero señores, ¿Quén pode aguantar así?. A nosa pacencia ten un límite, Sres. do Bloque, Sres. da UCD. Ou aplicamos a Lei para todos e coa mesma forza ou rachamos a baraxa. Ou somos responsables cos nosos compromisos adquiridos ou é mellor irse pra casa.

CACICADAS

Dende hai algún tempo os señores da UCD, dende Madrid, a través dos Gobernadores Civiles, dos Delegados de Ministerios, dende a propia Diputación de Pontevedra, controlan unha serie de diñeiro procedente dos fondos públicos, do Estado, de todos nós, que algúns destes señores pensan que é deles e así o van dando aos seus amigos.

Home, non llo dan directamente, non. Repátese fundamentalmente a través do caciquismo local. Así, se precisás medio millón de pesetas pra arreglar o teu camiño fas unha solicitude chamada de «Acción Comunitaria» ou doutra maneira, fas tamén algo de campaña pola UCD e che darán o medio millón na man.

Durante o ano pasado 1981 a Diputación repartiu 400 millóns de pesetas nos plans chamados de «Acción Comunitaria»; e repartíunos sen ter en conta siquera o número de habitantes dos axuntamentos, nen o tamaño dos municipios. Fíxadevos nestes exemplos e logo preguntade quén goberna en cada Municipio:

Bueu	4,5	Millóns.
Cangas	5,5	»
MOAÑA	4,8	»
Marín	5,8	»
O Grove	3,8	»
Caldas de Reis ...	5,1	»
Cambados	4,4	»
Cotobade	7,1	»
A Estrada	16,6	»
Lalín	14,4	»
Forcarei	7,4	»
A Lama	6,2	»
Rodeiro	7,7	»
Vila de Cruces ...	7,7	»

Antes e durante as pasadas eleccións ao Parlamento Galego caíron unhas poucas «axudas» deste tipo en Moaña. «Axudas» que os máis iñocentes pensaban que efectivamente llas daba a UCD. E o certo é que a UCD non da absolutamente nada porque os cartos son *de todos* e aínda por riba están mal repartidos.

Os organismos oficiais que dispoñen deste diñeiro do Estado, Diputación, Consello de Deportes, Delegados dos Ministerios, etc. deberían repartilo aos Axuntamentos para facer as obras máis necesarias ou polo menos preguntar en

que se deben invertir prioritariamente eses cartos, e non andar por detrás ás cacicadas, enganando ao persoal.

Pero en Moaña, se a UCD daba por un lado o Bloque quería dar por outro e agora apareceu un novo caciquismo. Apareceron obras feitas, como dixo o Sr. Alcalde, «polos veciños»; obras que non foron mandadas facer pola Corporación e que están ahí. Ademais das axudas de «Acción Comunitaria», ¿Quén pagará o resto?

¿Quén adxudicou as obras ás Empresas que agora queren xustamente cobrar? ¿Quén lle prometeu axudas do Axuntamento?

¿Quén firmou incluso os contratos co selo do Axuntamento sen que a Corporación o consentira ou aprobara?

Os señores Abalo (Alcalde) e Uxío Chapela (do Bloque), terán que responder públicamente destas maniobras que nós, modestamente tamén consideramos caciquiles.

A investigación sobre o particular aínda non rematou e daremos conta, como xa dixemos no pleno, primeiro ao resto da Corporación e logo ao pobo de Moaña.

Pedimos datos, certificados dos acordos da Corporación sobre determinadas obras (Caeiro, Xalde, Breda - Con, etc.), pedimos información técnica precisa sobre as obras, datos económicos; e cando teñamos todo, analizaránse e daránse a conocer os resultados, evidentemente.

CATRO COUSAS

1 Aínda non temos arbres plantados nos aterrados, nos terreos ganados ao mar, a pesares de que dende o pasado mes de Decembro do 1981 está acordado contratar as plantacións. Cada ano que pase, peor...

2 O Ministerio de Educación (UCD) non quere facer neste ano 2 Colexios de E.X.B. que son totalmente necesarios en Moaña. O Axuntamento xa comprou os terreos que é a súa obligación. Pero os rapaces seguirán en baixos de vivendas alugados... Parece que tampouco farán Aulas de Preescolar...

Menos mal que xa comenzaron as obras do Centro de Formación Profesional de Moaña.

3 O ano 1981 deu de sí unha grande temporada pra o Remo, en Moaña. Facemos votos pra que neste 1982 resulte aínda mellor a pesares dos problemas económicos e outros que están ahí. ¡Por riba de todo hai que loitar polo deporte!

4 ¡Por fin! Teremos Teléfono en Domaio. Según manifestacións do Delegado da Telefónica empezarán as obras no mes de Maio e está previsto rematalas en Outono ou Novembro do 1982. O presuposto ascende a máis de 300 millóns de pesetas e teñen capacidade pra instalar 700 teléfonos.

ANO 1981 • ANO 1981 • ANO 1981



O 23 de Febreiro o teniente coronel Tejero asaltou o Congreso dos Diputados co apoio dos xenerales Armada e Miláns del Bosch que saca os tanques a rúa en Valencia. Oficiais e números da Guardia Civil secuestran ao Congreso e ao Goberno a golpe de pistola e subfusiles. Fracasa o **GOLPE DE ESTADO** o intento de retorno ao fascismo.

Días máis tarde varios millóns de persoas maniféstanse en defensa das liberdades e da Constitución.

O Presidente Reagan, no poder nos EE.UU., mantén unha política de abolición dos dereitos humanos, armamentismo, defensa do mal menor das ditaduras e consolidación dos bloques militares.

ETA (m) asesina ao inxeniero Ryan, de Iberduero, e vai perdendo constantemente apoio popular. En Bilbao dúascentas mil persoas maniféstanse contra o terrorismo.

O día 4 de febreiro foron detidos en Madrid dous membros de ETA (m), nove días máis tarde morría «Arregui» na prisión de Carabanchel vítima da tortura. O forense reconece que Arregui foi torturado. Diapositivas, fotos do cadavre deste etarra circulan polo País Vasco condenando a tortura.

Crisis na UCD e dimisión de Adolfo Suárez.

O socialismo chega ao poder en Francia con Mitterrand e en Grecia con Papandreu. A vía francesa para afrontar a crise económica vai perfilándose como alternativa progresista á vía reaccionaria aplicada polos EE. UU.

Colza para todos; sobre todo para os probes. Aceite envenenado. Desastrosa política de Comercio interior. Catastrófica política sanitaria. Máis de 200 mortos.

O problema do paro é a realidade de máis de dous millóns de españoles sen traballo. O goberno da dereita non quere e non sabe levar adiante unha política de creación de postos de traballo.

Un periodista, Xavier Vinader, escribe sobre uns elementos da extrema dereita. ETA mata a tales elementos. Vinader é condenado a sete anos de cadea por facer o seu reportaxe.

Manifestación ultradereitista en Madrid o 22 de Novembro. Militantes de «Fuerza Nueva» con uniformes paramilitares. Todos berran «Tejero libertad».

A primeiros de decembro cen militares se manifestan nun escrito contra a prensa e mostran a súa simpatía polos golpistas. Era o día da Constitución.

En Galicia elíxese o I **PARLAMENTO GALEGO**. Esquerda Galega consegue somentes 1 deputado con máis de 33.000 votos.

FUTBOL-SALA (Moaña)

Todo comenzo, como acontece nestes casos, con unha simple conversa entre un reducido grupo de amigos, amantes do deporte e preocupados por buscar unha saída a tantos e tantos xóvenes que non estando inscritos en ningún equipo, aínda están en idade de practicar o deporte que máis adeptos ten: o fútbol.

Unha parcela estaba cuberta: eran os tres meses do vran, co fútbol de praias, pero quedaba o resto do ano deserto e tiña que cubrirse. Por outra banda, quedaba aínda o mal sabor de boca do anterior campeonato de praias, cuxa desorganización total fora perfecta e había que demostrar que se podían facer cousas dentro do deporte (igoal que fora) nas que participaran todos sen necesidade de recurrir a ningún cerebro gris nin mentes privilexiadas.

Era cousa de botar a andar a idea, pero ¿cómo?. Facían falla instalacións, mobilizar moita xente e isto facíase difícil. Tiñase que pensar noutro tipo de fútbol no que non se precisaran magnitudes tan elevadas. A solución estaba ao alcance da man: era o fútbol - sala, tamén chamado futbito, que estaba tomando un grande espallamento. Había instalacións pra practicar este deporte en Reibón, Tirán, Domaio. Tan soio facíase preciso un mínimo esforzo de acondicionamento, como marcar as pistas, e poñerlle redes as porterías. A outra tarefa de xuntar a xente non era difícil. Convocouse un par de xuntanzas, espúxoselle á xente en qué consistía aquél deporte, (coñe-

cido por uns, descoñecido polos mais), importado de Sudamérica onde foron os pioneiros uruguayos e brasileiros e que sirve de escola de futuros malabaristas do balón. O asunto calou tan fondo que axiña inscribíronse nada menos que catorce equipos. Un deles, a hora da verdade deu marcha atrás e quedaron soio trece. Parecía coma si fora un mal augurio o número, pro, demostrouse unha vegada máis que as supersticións son produto da ignorancia e o desconocemento. Púxose en marcha todo o aparello das fichas, actas, calendario, de-



signación de árbitros e delegados e trofeos. O sistema da autoxestión deu os seus froitos. Cadaquén púxose a traballar con ilusión e entusiasmo que culminou no máis afervorado dos éisitos, salvando as lóxicas dificultades que se presentaron (algunhas non tan lóxicas).

Unhas 150 persoas participaron afortunadamente neste I CAMPEONATO DE FUTBOL - SALA de Moaña 81, pero moitas outras participaron como espectadores asistindo aos par-

tidos ou seguindo o seu desenrolo a través da prensa que iba dando conta puntualmente dos resultados, clasificacións e incidencias. Dentro destas cabe suliñar que, a pesares da esquisita deportividade que imperou en todo o campeonato, houbo tres fracturas (dous tendóns de Aquiles e un metatarsiano), todas elas producidas por caídas sin intervención de contrario algún.

Ao remate, con gran despliegue informativo, fíxose o reparto de premios con trofeos donados por diferentes casas comerciais e algunha entidade bancaria. Diante dunha manifestación de tal magnitude non podía faltar a colaboración do noso Axuntamento, que donou unha placa conmemorativa a cada un dos trece equipos participantes.

O éisito como queda dito foi tal que fixo esquecer o mal sabor de boca que deixara o último campeonato de praias, pedindo os representantes dos equipos participantes que, a continuación de este campeonato de fútbol-sala se organizase o de praias, que se levou adiante con outro verdadeiro éisito.

No mes de decembro pasado púxose en marcha o II CAMPEONATO DE FUTBOL SALA de Moaña 81-82 que foi todo un éisito de inscripciones. Foron 20 os equipos que se presentaron e estímase nunhas 300 persoas as que están participando até o mes de abril. Esperamos que acade o éisito do primeiro campeonato.

OS CONCELLALES DE ESQUERDA GALEGA TAMEN FAN DEPORTE

Uxío Nogueira, Manolo Méndez e Pedro Riobó están participando na liguilla de FUTBITO que se fai en Moaña. Non fai falla dicir que son xogadores destacadísimos sobre todo por veteranía e idade, fundamentalmente. Así, o porteiro Pedro leva encaixados somentes unha ducia de goles e parados varios centos. Méndez e Nucho son peligrosísimos no ataque aos equipos contrarios porque non hai fora de xogo...

ESQUERDA GALEGA reta dende estas páxinas ao equipo ganador deste II Campeonato de Fútbol Sala para xogar un partido amistoso ao remate da presente liga.

Tamén se nos informa que presentarán unha moción no Parlamento Galego, a través do deputado Camilo Nogueira, para que a Xunta de Galicia apoie a iniciativa do Axuntamento de Moaña á hora de construír un pabellón polideportivo e pistas polideportivas en tódalas parroquias do municipio.

CARTA AO NOSO IRMAN DANIEL

Irman Daniel:

«Que o furacán aleive matóu desesperado na outra banda do mar, prometémosche a terra dunha Galicia Ceibe; pra enterralos teus osos onde teñen que estar.»

Isto é o que dí a canción do noso benquerido Suso Baamonde (tamén desterrado da súa querida Terra), pro, outro furacán aleive matou as esperanzas dos que che prometíamos esta Terra pra o teu descanso.

Despois disto, qué podemos prometerche, irmán Daniel?, senón é desesperanza, desacougo e rabia mal contida ao comprobar que os teus, o pobo a quen defendiche, por quen diche o máis valioso de tí, a tí mesmo, que morriches un día sin veres entraberto o camiño da volta que a túa ialma soñou, diuche as costas, virouche a cara, cambeoute por outro, deixándose arrastrar por ese furacán aleive que baixou das Fragas da tua Galicia levándose pras terras de secano toda a nosa ilusión, toda a confianza i espranza neste pobo que, honestamente digo, non é merecente de ser chamado teu irmán.

Sofriche, xunto con outros irmáns, persecución, desterro e morte por este pobo que preferíu ir cos ventos de quen seguía consignas dos esplotadores do noso pobo, o gran capital i a Banca; de quen foi o gran impulsor da Censura e máis do Índice de todo o que significara cultura galega (tí fuche un dos prohibidos ca tua SEMPRE EN GALIZA); de quen colabourou a castellanización dos nosos nomes (Sanjenjo, Niño de la Guía, Rianjo, e moitos outros); de quen perseguíu con verdadeira saña aos fillos da túa Terra abatida, que loitaban polo rexurdimento da concencia do teu Pobo.

En tempos deste novo «Salvador de la Patria», coma ministro franquista os teus sofriron coma ti persecución, desterro, cadea; as súas casas foron rexistradas polas «fuerzas del orden»; as súas modestas bibliotecas espoliadas, arrebatados brutalmente os nosos escritores e poetas...

Este é o home que se astreve a chamarse «galego coma ti» e que non dudou en disfrazarse pra esplotar unha vez máis a ignorancia, a incultura i o analfabetismo político do noso pobo, do teu Pobo, por quen diches a vida.

O que sí podemos e queremos prometerche, irmán Daniel, é que a pesares da persecución que se nos aveciña con este novo furacán aleive, os teus fillos seguiremos loitando con tódalas nosas forzas hastra conquistar devolverlle a túa, a nosa Terra, a dignidade que acaba de perder. Farémolo por tí e por tódolos galegos Bos e Xenérosos.



ROXAL

Edita: **ESQUERDA GALEGA - Moaña**

Deposito Legal: PO - 20/82

Fotos: De arquivo POG - EG e colaboracións

Imprime: Gráficas Pontevedra

Tirada: 1.000 exemplares